



O Buriz Anacos da memoria

P...
 ...
 ...
 ...
 ...
 ...
 ...
 ...
 ...
 ...
 ...



...
 ...
 ...
 ...
 ...
 ...
 ...
 ...
 ...
 ...

...

Segundo L. Pérez López

Santiago de Compostela 2008

A XEITO DE CANCELA

As cancelas gardan as chousas, pero ao mesmo tempo abren as portas cara o interior e invítannos a recollernos dentro. Este libro é algo así como unha cancela aberta para entrar na vida e no tempo da micro historia da parroquia de O Buriz. Por iso se titula “Anacos da memoria”. Son cachos de vida dos homes e mulleres que a poboaron ao longo dos séculos. Estes anacos están urdidos, como facían as teceláns de outros tempos coa tea, pola memoria escrita, oral ou esculpida nos restos históricos e prehistóricos, que tanto abundan nesta parroquia. A memoria é como unha tea de liño que saíu da lanzadeira hai séculos e aínda está a mirar cara ao futuro docemente antes, e de forma galopante hoxe.

Aquí están documentos e relatos recollidos en cerca de vinte anos. Vén ser como a primeira entrega dunha obra moito máis ampla, que un día quixera publicar: a colección documental acerca da nosa parroquia e que ten miles de páxinas.

Este traballo débelle moito á axuda de persoas que senten e aman esta antesala da Terra Chá, que mira de reollo ás terras de Parga, Betanzos e Monfero. Non podo deixar de poñerlles nome a algunha delas: O meu irmán Xenaro, Andrés García Paz, Ramón Loureiro, Cristina Pérez, Anita Álvarez, Xosé Fernández Lago e cantos me forneceron amablemente fotos, datos e outros documentos.

Pero, dun xeito especial, quero dedicarllo aos fillos e fillas da parroquia de San Pedro de O Buriz, os que foron, son e serán.

Tamén aos curas que me precederon no servizo a esta parroquia, especialmente a D. Elías López Castro, amigo e confidente en tantas cousas.

E de forma totalmente persoal a meu Pai, que me ensinou a ler, e a miña Nai, que me ensinou a rezar, que xunto coa miña irmá Ánxela, e outros seres queridos, xa nos miran desde a Patria esperada.

Este libro, como todos os meus traballos académicos e pastorais, teñen de fondo unha convicción que expresei, xa fai anos, neste sinxelo poema: